ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O RIBEIRO

GRUPO: **2º BACHARELATO A**

MATERIA: **XEOLOXÍA**

DEPARTAMENTO: CIENCIAS NATURAIS

DATA: 5-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe

1ª e 2ª avaliacións e parte da 3ª avaliación ata o 13-03-2020.

Materia impartida:

Bloque 1: O planeta Terra e o seu estudo
- Unidade 1: Métodos de estudo e orixe da Terra

Bloque 2: Minerais, os compoñentes das rochas.
- Unidade 4: Minerais, os compoñentes das rochas.

Bloque 3: Rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas
- Unidade 5: Magmatismo e rochas ígneas
- Unidade 7: Sedimentación e rochas sedimentarias

Bloque 6: Tempo Xeolóxico e xeoloxía histórica
- Unidade 10 Tempo xeoloxico e Xeoloxía histórica

Bloque 3: Rochas ígneas, sedimentarias e metamórficas
- Unidade 6: Metamorfismo e rochas metamórficas

Bloque 4: A tectónica de placas.
- Unidade 2: Tectónica de placas, unha teoría global
- Unidade 3: Tectónica. A deformación das rochas e a formación de cordilleiras

Bloque 5: Procesos xeolóxicos externos
- Unidade 8: Procesos xeolóxicos externos
- Unidade 9: Procesos xeolóxicos debidos á auga e ó vento

Bloque 6: Tempo Xeolóxico e xeoloxía histórica
- Unidade 10 Tempo xeoloxico e Xeoloxía histórica

Esta materia que se impartiu de xeito presencial ata o día 13 de marzo do 2020 non sofre modificacións nin nos criterios nin nos estándares con respecto da programación orixinal de principio de curso.

3ª avaliación

Materia restante para o terceiro trimestre.

Bloque 6: Tempo Xeolóxico e xeoloxía histórica
- Unidade 10 Tempo xeoloxico e Xeoloxía histórica

Bloque 7: Riscos xeolóxicos
- Unidade 11 Riscos naturais

Bloque 8: Recursos minerais e enerxéticos e augas subterráneas
- Unidade 12 Xeoloxía e sociedade

Bloque 9: Xeoloxía de España
- Unidade 13-14 Xeoloxía de España.

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 6. Tempo xeolóxico e xeoloxía histórica	
▪ B6.1. Analizar o concepto do tempo xeolóxico e entender a natureza do rexistro estratigráfico e a duración de diversos fenómenos xeolóxicos.	▪ XB6.1.1. Argumenta sobre a evolución do concepto de tempo xeolóxico e a idea da idade da Terra ao longo de historia do pensamento científico.
▪ B6.2. Entender a aplicación do método do actualismo á reconstrución paleoambiental; coñecer e indicar algúns tipos de estruturas sedimentarias e bioxénicas, e a súa aplicación; e utilizar os indicadores paleoclimáticos máis representativos.	▪ XB6.2.1. Entende e desenvolve a analoxía dos estratos como as páxinas do libro onde está escrita a historia da Terra. ▪ XB6.2.2. Coñece a orixe dalgunhas estruturas sedimentarias orixinadas por correntes (ripples e estratificación cruzada) e bioxénicas (galerías e pistas), e utilízaas para a reconstrución paleoambiental.
▪ B6.3. Coñecer e diferenciar os principais métodos de datación absoluta e relativa; aplicar o principio de superposición de estratos e derivados para interpretar cortes xeolóxicos; e entender os fósiles guía como peza clave para a datación bioestratigráfica.	▪ XB6.3.1. Coñece e utiliza os métodos de datación relativa e das interrupcións no rexistro estratigráfico a partir da interpretación de cortes xeolóxicos e correlación de columnas estratigráficas.
▪ B6.4. Identificar as principais unidades cronoestratigráficas que conforman a táboa de tempo xeolóxico.	▪ XB6.4.1. Coñece as unidades cronoestratigráficas, e amosa o seu manexo en actividades e exercicios.
▪ B6.5. Coñecer e indicar os principais eventos globais acontecidos na evolución da Terra desde a súa formación.	▪ XB6.5.1. Analiza algúns dos cambios climáticos, biolóxicos e xeolóxicos que aconteceron nas diferentes era xeolóxicas, e confecciona resumos explicativos ou táboas.
▪ B6.6. Diferenciar os cambios climáticos naturais e os inducidos pola actividade humana.	▪ XB6.6.1. Relaciona fenómenos naturais con cambios climáticos, e valora a influencia da actividade humana.
Bloque 7. Riscos xeolóxicos	
▪ B7.1. Coñecer e identificar os principais termos no estudo dos riscos naturais.	▪ XB7.1.1. Coñece e utiliza os principais termos no estudo dos riscos naturais: risco, perigo, vulnerabilidade e custo.
▪ B7.2. Caracterizar os riscos naturais en función da súa orixe: endóxena, exóxena e extraterrestre.	▪ XB7.2.1. Coñece os principais riscos naturais e clasifícaos en función da súa orixe endóxena, exóxena ou extraterrestre.
▪ B7.3. Analizar en detalle algúns dos principais fenómenos naturais: terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral.	▪ XB7.3.1. Analiza casos concretos dos principais fenómenos naturais que acontecen no noso país: terremotos, erupcións volcánicas, movementos de ladeira, inundacións e dinámica litoral.

▪ B7.4. Comprender e sinalar a distribución destes fenómenos naturais no noso país e saber onde hai maior risco.	▪ XB7.4.1. Coñece os riscos máis importantes no noso país e relaciona a súa distribución con determinadas características de cada zona.
▪ B7.5. Entender as cartografías de risco.	▪ XB7.5.1. Interpreta as cartografías de risco.
▪ B7.6. Valorar a necesidade de levar a cabo medidas de autoprotección.	▪ XB7.6.1. Coñece e valora as campañas de prevención e as medidas de autoprotección.
▪ B7.7. Analizar os principais fenómenos naturais que aconteceron durante o curso escolar.	▪ XB7.6.2. Analiza e comprende os principais fenómenos naturais acontecidos durante o curso no planeta, o país e o seu ámbito local.
Bloque 8. Recursos minerais e enerxéticos e augas subterráneas	
▪ B8.1. Comprender e diferenciar os conceptos de recursos renovables e non renovables, e identificar os tipos de recursos naturais de tipo xeolóxico.	▪ XB8.1.1. Coñece e identifica os recursos naturais como renovables ou non renovables.
▪ B8.2. Clasificar os recursos minerais e enerxéticos en función da súa utilidade.	▪ XB8.2.1. Identifica a procedencia dos materiais e dos obxectos que o/a rodean, e realiza unha táboa sinxela onde se indique a relación entre a materia prima e os materiais ou obxectos.
▪ B8.3. Explicar o concepto de depósito mineral como recurso explotable, distinguindo os principais tipos de interese económico.	▪ XB8.3.1. Localiza información na rede de diversos tipos de depósitos, e relaciónaos con algún dos procesos xeolóxicos formadores de minerais e de rochas.
▪ B8.4. Coñecer e identificar as etapas e as técnicas empregadas na exploración, na avaliación e na explotación sustentable dos recursos minerais e enerxéticos.	▪ XB8.4.1. Elabora táboas e gráficos sinxelos a partir de datos económicos de explotacións mineiras, estima un balance económico e interpreta a evolución dos datos.
▪ B8.6. Explicar conceptos relacionados coas augas subterráneas, como acuíferos e os seus tipos, nivel freático, mananciais, resurxencias e os seus tipos, ademais de coñecer a circulación da auga a través dos materiais xeolóxicos.	▪ XB8.6.1. Coñece e relaciona os conceptos de augas subterráneas, nivel freático, resurxencias de auga e circulación da auga.
▪ B8.7. Valorar a auga subterránea como recurso e a influencia humana na súa explotación. Coñecer e indicar os posibles efectos ambientais dunha inadecuada xestión.	▪ XB8.7.1. Comprende e valora a influencia humana na xestión as augas subterráneas, expresando a opinión sobre os efectos desta en medio.

Bloque 9. Xeoloxía de España	
▪ B9.1. Coñecer e identificar os principais dominios xeolóxicos de España: Varisco, oróxenos alpinos, grandes concas e Illas Canarias.	▪ XB9.1.1. Coñece a xeoloxía básica de España identificando os principais dominios sobre mapas físicos e xeolóxicos.
▪ B9.3. Explicar a historia xeolóxica de Iberia, as Baleares e as Canarias, e os eventos relacionados coa tectónica de placas.	▪ XB9.3.1. Coñece e enumera os principais acontecementos xeolóxicos que aconteceron no planeta, que estean relacionados coa historia de Iberia, as Baleares e as Canarias.
▪ B9.4. Explicar a xeoloxía de Galicia como parte do dominio Varisco, resultado da historia xeolóxica do planeta e a tectónica de placas.	▪ XB9.4.1. Integra a xeoloxía local (cidade, provincia e/ou comunidade autónoma) cos principais dominios xeolóxicos, a historia xeolóxica do planeta e a tectónica de placas.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación.

Procedementos avaliación:

a. Observación: acceso á aula virtual e puntualidade nas entregas, así coma o interese demostrado respondendo ós requerimentos da profesora o una corrección dos fallos advertidos, ou a orde e pulcritude na presentación das tarefas.
b. Revisión das Entregas de tarefas pola Aula virtual, ou correo electrónico no caso moi excepcional de que non poida entregar pola Aula Virtual.
c. Autoavaliación

Instrumentos avaliación:

a. Observación: listas de control de entrega de tarefas, con rexistro das entregas.
b. Tarefas propostas na Aula Virtual: As propias tarefas realizadas no caderno de traballo ou a ordenador e entregadas posteriormente en formato de documento de texto, pdf, fotografías ou escaneos.

    i. Resumes ou esquemas das unidades
    ii. Boletíns por cada unidade (un ou varios)
    iii. Calquera outra tarefa

c. Estimación ou valoración da calidade das entregas: revisando e advertindo dos fallos para a súa autocorrección por parte do alumnado.

Cualificación final : *(Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso)*

a. As avaliacións 1ª e 2ª farán media. Se hai necesidade de recuperar, terase en conta a recuperación.
b. A recuperación farase por medios telemáticos ou según disposición da normativa vixente no momento.
c. A avaliación 3ª: Cada tarefa entregada puntuará cunha porcentaxe proporcional, na que o 100% correspondería á totalidade das tarefas propostas. En conxunto serán valoradas para subir nota media das dúas primeiras avaliacións ata 1 punto.
d. Necesítase un 5 de media nas dúas primeiras avaliacións para superar a materia.

Proba extraordinaria de setembro:

a. Avaliación dos trimestres 1º, 2º e a parte impartida do 3º trimestre (que xa empezou en febrero) ata o 13 de marzo do 2020, mediante proba escrita, no caso de que sexa posible.
b. Os estándares están recollidos na programación inicial do curso.

Alumnado de materia pendente

Non se dá o caso nesta materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

Actividades : que cumplen a función de comprensión dos contidos, acadación dos estándares e cumplir cos criterios mínimos esixibles.

a. Repaso e reforzo: Para axudar na preparación das probas ABAU.
    i. resumes, (que xa era obrigatorio presentalos na libreta o día do exame antes do estado de alarma).
    ii. actividades básicas xenéricas variadas (definicións, cuestións curtas ou de desarrollo, fotografías, esquemas, cortes xeolóxicos).
    iii. Cortes xeolóxicos
    iv. Exames ABAU
b. Ampliación
    i. Pdf con apuntamentos ou resumes feitos pola profesora
    ii. Pdf con presentacións

iii. Boletíns de actividades para cada unidade ou por apartados da unidade.

1. Actividades xenéricas para afianzar os contidos da unidade e desenvolver unha visión global ou actividades de aplicación, para relacionar ideas, dentro da mesma unidade ou con outras unidades.
2. Actividades baseadas en preguntas ABAU

c. Autoavaliacion: Solucionarios para autocorrección por parte do alumnado.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade);

1. Aula virtual: proposta de tarefas semanais, con prazo de entrega, normalmente dunha semana.
2. Correo electrónico para o caso de problemas de conectividade
3. Calquera outro medio

Materiais e recursos :

1. Libro do alumno
2. Caderno do alumno
3. Ordenador, móvil ou tableta, a dispor por parte do alumno
4. Conexión a internet
5. Calquera outro necesario

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias. *Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.*

5. Aula virtual
6. Correo electrónico
7. Mensaxería
8. Moi excepcionalmente, chamada telefónica.

Publicidade. Publicación obrigatoria na páxina web do centro.